



Facultade de
Relacións Internacionais

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Suspensión e Extinción dunha Titulación

CÓDIGO DO-0103 ÍNDICE 01

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro

Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura
-----------------	-----------------	-----------------

Laura Movilla Pateiro
Coordinadora de Calidade

Laura Carballo Piñeiro
Decana Comisaria

Proceso

Xestión dos programas formativos.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	05/04/2024	Área de Calidade	Adaptación e aprobación do procedemento (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	6
V Anexos	10

I OBXECTO

Recoller o sistema que permite organizar a supresión temporal ou definitiva (extinción) dun título implantado para garantir os dereitos académicos do alumnado que se atope cursando os citados estudos.

II ALCANCE

Este procedemento é de aplicación ás titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Outros documentos de referencia

- Universidade de Vigo: Normativa de suspensión e extinción de estudos de posgrao.

III.2. Definicións

– Extinción: proceso mediante o cal un plan de estudos non supera o proceso de acreditación, causa baixa no RUCT e perde o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional. (Orde, do 20 de marzo de 2012,

pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.)

– Requisito: necesidade ou expectativa establecida, xeralmente implícita ou obrigatoria. (UNE-EN ISO 9000.)

– Suspensión: procedemento mediante o cal a consellaría competente en materia de universidades poderá acordar mediante unha orde a supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da universidade ou por iniciativa da universidade, ben por proposta do Consello de Goberno. En ambos os casos requírese o informe favorable do Consello Social da universidade. A suspensión determinará a revogación da autorización de implantación desta. (Orde, do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.)

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- EEES: Espazo europeo de educación superior.
- QSP: Queixas, Suxestións e Parabéns.
- RD: Real Decreto
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- STO: seguimento de títulos oficiais
- RUCT: Rexistro de universidades, centros e títulos

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir a adecuación da oferta formativa á demanda social, laboral e económica do contorno da Universidade de Vigo e ás necesidades dos seus grupos de interese.

IV.2. Responsable do proceso


- Responsable ou coordinador/a do título.

IV.3. Indicadores


Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento *“DE-02 Seguimento e Medición”*.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.


IV.4. Diagrama de fluxo



B) SUSPENSIÓN DUNHA TITULACIÓN



C) SUSPENSIÓN DUNHA TITULACIÓN (continuación)



V ANEXOS

Documentos

Anexo 1: non hai anexos asociados a este procedemento.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DO-0103	Resolución de extinción dun título	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Vicerreitoría de Titulacións	Período de vixencia dunha titulación + 6 anos
R2 DO-0103	Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Vicerreitoría de Titulacións	Período de vixencia dunha titulación + 6 anos